



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Sesión ordinaria do 26 de marzo de 2009

<p>Asistentes</p> <p>A. Gago Rodríguez (Presidente) J. F. Gálvez Gálvez (Vicerreitor do C.Ou.) M<sup>a</sup> V. Carballo-Calero Ramos I. C. Iglesias Canle M. Suárez Pazos J. A. Fraiz Brea A. Garriga Domínguez M. B. Vaquero Díaz J. Simal Gándara P. Pinés León I. Fariñas Valiña C. Caride Álvarez</p>	<p>No Salón de Graos do Edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes citados á marxe, desculpando a súa asistencia os profesores D. Enrique Barreiro Alonso, D. Javier Rodeiro Iglesias e D. José Carlos Yáñez López, reúnese o Consello de Campus de Ourense en sesión ordinaria o día 26 de marzo de 2009, ás 17:00 horas, en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:</p> <p><b>Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede das actas anteriores</b> (15/02/2008 ordinaria, 16/04/2008 extraordinaria, 21/07/2008 extraordinaria e 17/12/2008 extraordinaria). Apróbanse.</p> <p><b>Punto segundo: Informe do presidente.</b> O Reitor informa das seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- De que se recibiron as fichas de tódalas enxeñerías.</li><li>- Comenzou o segundo prazo de adaptación dos títulos de grao e a Vicerreitora de Titulacións estase a reunir cos directores dos centros.</li><li>- Igualmente informa de que se están a debater os seguintes asuntos: O estatuto do PDI, o estatuto de estudantes e a fase na que se atopan os estatutos da Universidade de Vigo.</li></ul> <p><b>Punto terceiro: solicitudes de cursos de extensión universitaria.</b> O presidente cédelle a palabra ao Vicerreitor do Campus de Ourense, que informa que se poden asumir tódolos cursos de extensión universitaria solicitados, xa que o presuposto é suficiente. Así mesmo informa que o curso sobre “cata de viño” non cumpre coa normativa, pero cree que aínda así se debería aprobar. Interven D. Iago Fariñas solicitando que se faga un esforzo para moderar os prezos dos cursos a o que resonde o Vicerreitor do Campus de Ourense que os prezos os poñen os organizadores e que as veces teñen moitos gastos. Apróbanse por asentemento os seguintes cursos de extensión universitaria:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Turismo de natureza.</li><li>- III Xornadas “Historia, Cultura e Dereito”. Evolución tecnolóxica, desenvolvemento económico e dereitos dos cidadáns.</li><li>- Cata de viños, augardentes e licores.</li></ul>
--	--



- A nova fiscalidade das persoas físicas: liquidación e planificación do comportamento fisca.
- Ferramentas de seguridade en GNU/Linux.
- Introducción á observación astronómica.
- Muller e Historia.
- O audiovisual e as industrias culturais.
- Turismo intermedio. Elementos para a dinamización turística das Terras de Celanova.
- Educación ambiental e responsabilidade social.
- Consultoría para a innovación e o emprendedorismo.
- Deporte, empresa e sociedade: medios de comunicación, espectáculos deportivos e produtos turísticos.

**Punto cuarto: solicitudes de axudas para a organización de actividades e para a dotación de material das asociacións estudiantis.**

O Vicerreitor do Campus de Ourense informa que hai catro solicitudes e todas cumpren coa noramativa.

Apróbanse por asentimento as seguintes solicitudes de axudas para accións participativas e asociacionismo 2009:

- Asociación Medioambiental Universitaria SYME, Programa de actividades ambientais universitarias: 3000 euros.
- Aulas de Formación Aberta, Visita cultural a Baños de Molgas e Sarreaus: 400 euros.
- Aulas de Formación Aberta, Exposición fotográfica: 250 euros.
- Aulas de Formación Aberta, Visita á central hidroeléctrica de Velle: 100 euros.
- Axudas para material: Asociación Medioambiental Universitaria SYME: 250 euros.

**Punto quinto: solicitudes de organización de obradoiros de extensión universitaria.**

O Vicerreitor do Campus de Ourense informa que aínda está o prazo aberto.

Intervén D. Iago Fariñas indicando que non lle parece ben que suban 6 euros o prezo dos obradoiros desde o ano pasado.

Contéstalle o Vicerreitor do Campus de Ourense que os de 20 horas valen o mesmo que os de 30 e que se pensará para o próximo ano que aos bolseiros lles saia gratis. Están intentando coordinalos entre os tres campus.



	<p>Apróbanse por asentemento os seguintes obradoiros:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Rosaura.</li><li>- Cordelia.</li><li>- Maricastaña.</li><li>- Folclore</li><li>- Supervivencia</li><li>- Contacontos</li><li>- Fotografía dixital</li><li>- Iniciación ao retoque dixital con Photoshop</li><li>- Introducción á utilización de tecnoloxías baseadas na web 2.0</li><li>- Automóbil: mecánica práctica e aplicacións</li><li>- Introducción á observación astronómica</li><li>- Aprender a aprender</li><li>- Vive, sinte e expresa a túa sexualidade</li><li>- Adestrando as habilidades comunicativas</li><li>- Intelixencia emocional</li><li>- Planificación e elaboración de actividades de lecer en entidades de voluntariado</li><li>- Xabón e cosmética natural, velas e aromas</li><li>- Cerámica: o mosaico e as súas variantes</li><li>- Risoterapia.</li></ul> <p><b>Punto sexto: Rolda de intervencións.</b></p> <p>Intervén o profesor D. J. A. Fraiz que manifesta a súa preocupación ao considerar que en ocasións se discrimina a determinadas titulacións frote a outras: o Centro de Linguas anunciou que o examen para obter o título que permita a mobilidade solo será gratuito para os alumnos de determinados master.</p> <p>Contéstalle o Presidente que se lle ofreceu a todos, pero solo contestaron 5 de 30. Non obstante volverá a preguntar, xa que a idea é que sexa universal para todos.</p> <p>O profesor D. J.A. Fraiz di que lle comentaron no Centro de Linguas que se trataba de unha experiencia piloto e o Reitor respóndelle, que o consultará.</p> <p>O profesor D. J. A. Fraiz pregunta pola postura que vai adoptar o equipo de goberno respecto da decisión dun centro de asignar unha asignatura a un Departamento e área que non fixo a proposta.</p> <p>O Reitor respóndelle que xa se tomou unha decisión no Consello de Goberno tendo en conta ás alegacións de todas as partes .</p>
--	---



	<p>Interveñen as profesoras Dona I. Iglesias, Dona M. Suárez e Dona B. Vaquero para explicar como se fixo noutros graos.</p> <p>D. Pablo Pinés pregunta sobre o marco normativo para informática e si xa se sabe cal vai ser a postura da ANECA.</p> <p>O Presidente contesta que aínda está no aire, xa que solo se aprobaron recomendacións e que respecto dos títulos xa elaborados deberon adaptarse as fichas.</p> <p>Informa o Vicerreitor do Campus de Ourense que o primeiro grao se chamará Grao en Enxeñería Informática na Universidade Carlos III de Madrid e que o nome será decisión do centro.</p> <p>Intervén D. Pablo Pinés para preguntar sobre a posibilidade de eleccións parciais para as delegacións de alumnos no seu centro xa que moitos membros remataron a carreira.</p> <p>Responde o Reitor que, consultada secretaría Xeral, eso non é legalmente posible.</p> <p>Pregunta a profesora Dona M. Suárez cal é a diferenza entre o Master profesionalizante e o académico e se ambos permiten acceder ao doutoramento.</p> <p>Responde o reitor que non, xa que cada doutoramento establece os requisitos de acceso para esa formación e que o master de investigación é para facer a tese de doutoramento.</p> <p>A profesora Dona M. Suárez solicita que se estudien os problemas nas secretarías dos decanatos de centros complexos e pide que se creen postos base de apoio, xa que no seu centro vanse impartir 14 cursos de 7 titulacións.</p> <p>Respóndelle a Vicexerenta do Campus de Ourense que non soubo do problema ata fai catro días e que xa se está solucionando.</p> <p>E non habendo máis asuntos que tratar, ás 18:05 horas, levántase a sesión.</p> <p>O Presidente</p> <p>Asdo.: Alberto Gago Rodríguez</p>